- Certificación final Única da obra, de data 24/05/2021 asinada polo director de obra Juan Alfonso Botana Castelo coa conformidade do contratista Manuel Búa Varela en nome e representación da empresa adxudicataria Enxeñería Medioambiental e Desenvolvementos Construtivos, S.L.U., por un importe total de corenta e sete mil novecentos euros (47.900,00 €).

Por todo iso, e de conformidade co establecido na disposición segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 166 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aprobada o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como pola delegación efectuada por este alcaldía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar a certificación final Única das obras denominadas "Mellora Saneamento Rúa alcalde Fernández e EDAR en Denle" subscrita polo Director de Obra Juan Alfonso Botana Castelo con data 24/05/2021 e coa conformidade de Manuel Bua Varela en nome e

representación da empresa adxudicataria Enxeñería Medioambiental e Desenvolvementos Constructivos, S.L.U., por un importe total de corenta e sete mil novecentos euros (47.900,00 €).

2º) Aprobar, dispoñer e recoñecer a cantidade de trinta e nove mil catrocentos euros (47.900,00 €) contida na certificación final Única da obra a favor do contratista.

3º) Notificar este acordo ao interesado, para o seu coñecemento e demais efectos.

**4º) REEMPRAZO DE TAXI**

EXPEDIENTE: 2021/X999/000054

Visto o escrito co número 2021-000-00001111 do Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello de Fisterra, de data 1/06/2021, presentado por Gonzalo Santos Buiturón, no que comunica que substituíu o vehículo que tiña na licenza número 9 por outro de mellores características, marca Volswagen Touran, matrícula **86L**, e solicita que se tramite o cambio de vehículo na licenza municipal e na autorización interurbana.

Visto que no expediente consta a seguinte documentación:

- Copia do DNI e permiso de condución
- Copia do permiso de circulación e ficha técnica do vehículo.
- Copia da póliza do seguro con REALE SEGUROS, e do recibo de pagamento.
- Copia do certificado de maleteiro, prazas, portas, etc.
- Xustificante de pago da cota de autónomos.
- Copia do certificado de non ter débedas coa Facenda da Xunta de Galicia.
- Declaración de que posúe ordenador persoal, correo electrónico e sinatura dixital.
- Copia do Modelo 303 do Imposto sobre o Valor Engadido, correspondente ao 1T/2021.
- Copia do Modelo 730 da Consellería de Facenda (Axencia Tributaria de Galicia), que xustifica o pago de 28,33 € pola taxa de outorgamento, transmisión, rehabilitación, cambio de residencia, troco ou modificación da autorización para o vehículo matricula 9986LPF

Tendo en conta o establecido no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, do que se desprende que:

"1) Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser remprazados por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que remprace ao anterior, fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

2) Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar o remprazo de vehículos e tamén para unha adscrición temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado".

Así mesmo, tendo en conta que o artigo 16.5 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, do que se desprende que:

"5) Previa solicitude da persoa interesada á que se lle outorgara unha licenza de taxi, a dirección xeral competente en materia de transporte da Xunta de Galicia, outorgaralle de maneira automática, a autorización interurbana de taxi.

Aos efectos de unificar o comezo de vixencia de ambos títulos, a licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia á data de outorgamento da autorización interurbana de taxi".

Considerando: que Gonzalo Santos Buiturón, con DNI: 46.907.775-B viña exercendo a actividade de taxi coa licenza número 9, e no vehículo marca Renault, modelo Laguna, matricula **88G**, de 5 prazas.

Considerando: que o novo vehículo é de marca Volswagen, modelo Touran, matrícula **86L**, de 5 prazas, queda acreditado que é máis novo e reúne as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Por todo iso, á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Gonzalo Santos Buiturón, e autorizar o remprazo do taxi coa licenza número 9, e poder realizar esta actividade co vehículo marca VOLSWAGEN, modelo TOURAN, matrícula **86L** de 5 prazas.

2º) Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Movilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e demais efectos.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**5º) ASUNTOS VARIOS**

**5.1º) VENDA AMBULANTE**

**RECUPERACION DE POSTOS**

A) Vista a solicitude presentada co número 2021/000/00001084 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos de 27/05/2021 por Soumia Moumni Belaidi, na que solicita a recuperación do posto número 24 de 8 metros que viña ocupando na venda ambulante deste concello.

Tendo en conta que achega xustificante de pago da ocupación do posto numero 24 da venda ambulante deste concello durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º)Acceder ao solicitado por Soumia Moumni Belaidi, e renovar para o ano 2020 a ocupación do posto número 24 da Venda Ambulante deste concello.

2º)Notificar este acordo a interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Vista a solicitude presentada co número 2021/999/00000400 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 14/06/2021 por María Soledad Amado Botana, na que solicita a recuperación do posto número 10 de 4 metros que viña ocupando na venda ambulante deste concello.

Tendo en conta que achega xustificante de pago da ocupación do posto numero 10 da venda ambulante deste concello durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por María Soledad Amado Botana, e renovar para o ano 2020 a ocupación do posto número 10 da Venda Ambulante deste concello.

2º) Notificar este acordo a interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

**5.2º) VADO PERMANENTE**

EXPEDIENTE: 2021/V008/000005

Vista a petición formulada co número 2021/000/00001074 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste concello de data 26/05/2021, por parte de Mario Rodríguez Rey, na que solicita autorización para a instalación dun VADO PERMANENTE para a entrada e saída de vehículos do garaxe nunha lonxitude de catro metros e vinte centímetros (4,20) metros lineais para unha superficie interior de 120 m2. Así mesmo comunica que será necesario a realización de obras de rebaixe do bordo da beirarrúa para poder acceder ao garaxe e o orzamento das obras ascende ao importe de trescentos euros (300,00 €)

Visto o informe de data 7/06/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende o carácter favorable desde o punto de vista urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Mario Rodríguez Rey, e concederlle licenza para a instalación do **vado permanente número 2/2021** (**chapa número 150**) de catro metros e vinte centímetros (4,20 mts) para una superficie interior de 120 metros cadrados, para facilitar a entrada e saída do garaxe, condicionada a que:

- Informar ao concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.
- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados, que de ser o caso, serán descargados en vertedoiro autorizado.
- No rebaixe empregarase pavimento de formigón cun ancho mínimo de 15 cmts armado con malla e cuarzo por mor do paso dos futuros vehículos cumprindo en todo coa vixente Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, polo que a pendente lonxitudinal máxima non superará o 10% no encontro coa beirarrúa existente.
- Coas obras pretendidas é necesario levantar o pavimento existente no viario, polo que será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do concello o importe do custo de reposición da urbanización afectada.
- Este importe será de 300 €
- Esta garantía será devolta cando os servizos técnicos xiren visita tras a realización das obras e se comprobe que o pavimento quedou igual que o estado inicial a executar as pretendidas obras.

**A tal efecto, deberá ingresar a cantidade de sete euros e cincuenta céntimos (7,50 €)** que desglosados corresponden a cantidade de noventa céntimos (0,90 €) en concepto de tramitación, e a cantidade de seis euros e sesenta céntimos (6,60 €) en concepto do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais.

Ademais diso,

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

c) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os anos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condición e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- **Incluílo no Padrón fiscal** da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para a aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., **para o ano 2021 cunha cota anual de sesenta e sete euros e sesenta céntimos (67,60 €).**

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o transito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

### 5.3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA DE ACTIVIDADES

**A)** Visto o expediente número 2021/U019/000006, iniciado co número 2021/999/00000282 (RE) de 8/04/2021 por VICTORIA CLAUDIA CIURE no que presenta COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE de comercio menor de toda clase de artigos, que se localiza no baixo da edificación da rúa Federico Avila, 10 desta vila (referencia catastral numero 8609126MH7580N0001PT).

CONSIDERANDO: Que o pasado 7/06/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe do que se desprende que a comunicación previa presentada cumpre co contido no artigo 14 do Decreto 14472016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, e se declara completa a documentación presentada.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de de Inicio de Actividade presentada por VICTORIA CLAUDIA CIURE, para o realizar a actividade de "comercio menor de toda clase de artigos" que se localiza no baixo da edificación da rúa Federico Avila, 10 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**5.4º) TRANSMISION DE LICENZA DE APERTURA**

**A)** Visto o expediente co número 2021/U019/000011, iniciado co número 2021/000/00001010 (RE) de 19/05/2021 por Dolores Marcote Lado, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de "café bar - restaurante" que se localiza na rúa Alcalde Fernández, 27 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 23/07/2020, a Xunta de Goberno Local, concedíulle a Jesús Castreje Durán, licenza definitiva de apertura de "café bar restaurante" no baixo da rúa Alcalde Fernández, 27 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Jesús Castreje Durán e Dolores Marcote Lado.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de Transmisión de Actividade e Comunicación Previa de inicio da actividade presentada por Dolores Marcote Lado para o inicio da actividade de "café bar - restaurante" que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 27 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

4º) Notificar este acordo a Begoña Valdomar Insua, como Presidenta da Comunidade de Propietarios A Rosa – Portal 1, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**5.5º) OCUPACION DE VIA PUBLICA**

A)Visto o expediente número 2021/V013/000007 iniciado co número 2021/000/00001011 (RE) de 19/05/2021, por Dolores Marcote Lado, no que solicita autorización para a ocupación de vía publica cunha tarima de madeira de 2,7x12,40 mts (33,48 m2), estrutura e teito, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR RESTAURANTE que rexenta na rúa Alcalde Fernández, 27 desta vila.

**RESULTANDO**: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

**CONSIDERANDO**: Que no expediente consta informe favorable de data 27/05/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

"Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas por cada 4 m2 (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 33 persoas".

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Dolores Marcote Lado, e autorizar a instalación dunha tarima de madeira de 2,7 x 12,40 metros (33,48 m2) para dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR RESTAURANTE que rexenta nesa zona, debendo deixar expedita o paso pública da beirarrúa.

2º) Así mesmo, tendo en conta que o orzamento das obras ascende ao importe de sete mil seiscentos vintenove euros e cinco céntimos (7.629,05 €), **deberá ingresar a cantidade de cento noventa euros e setenta e tres céntimos** (190,73 €) que desglosados corresponde a cantidade de vintedous euros e oitenta e nove céntimos (22,89 €) en concepto de tramitación e a cantidade de cento sesenta e sete euros e oitenta e catro céntimos (167,84 €) en concepto de Imposto de Construccións, Instalacións e Obras.

3º) Así mesmo, e tendo en conta que a ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012, establece que a ocupación da vía publica anual ascende ao importe de 40 €/m2, **deberá ingresar a cantidade de 1339,20 € anuais. Regularizado para o ano 2021 ese importe ascende a cantidade de 669,60 €.**

4º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

5º) Notificar este acordo a María Dolores Trillo González, para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B)Visto o expediente número 2021/V013/000008 iniciado co número 2021/000/00001014 (RE) de 19/05/2021, por José Ignacio Formoso Martínez, no que solicita autorización para a ocupación de vía publica nunha superficie de 11,66 m2 (6,74 x 1,73 mts), coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta na rúa Real, 38 desta vila, durante a tempada de 2021.

**RESULTANDO**: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

**CONSIDERANDO**: Que no expediente consta informe favorable de data 26/05/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

"Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas por cada 4 m2 (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 11 persoas".

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por José Ignacio Formoso Martínez, e autorizar a ocupación de 11,66 m2 da vía pública na rúa Real, 38 desta vila, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta nesa zona, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2020 (ámbolos dous incluídos) condicionada ao establecemento da rúa peonil.

Os elementos a colocar serán:
- Tres mesas metálicas onde os extremos das patas iran provistos de goma ou neoprenos para minimizar o ruído de arrastre.
- Once cadeiras brancas onde os extremos das patas iran provistos de gomas ou neoprenos para minimizar o ruído de arrastre destas.
- Como proteccións laterais colocaranse catro postes de madeira color branco con cordas.

A colocación de mesas e cadeiras terá un carácter provisional e nun horario propio da actividade a que sirvan. Por tal motivo serán recollidas todos os días e deberán ser almacenadas no interior do establecemento.

2º) Así mesmo, e tendo en conta que a ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012, establece que a ocupación da vía publica anual ascende ao importe de 20 €/m2, deberá ingresar a cantidade de douscentos trinta e tres euros e vinte céntimos (233,20 €).

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

**5.6º) INSTALACION DE SERVICIO DE TEMPADA**

A)Visto o expediente número 2021/V013/000006 iniciado co número 2021/000/00000858 (RE) de 3/05/2021, por Najat Anafa Oihbi, no que presenta COMUNICACION PREVIA DE APERTURA DE SERVIZO DE TEMPADA que se localiza na parcela con referencia catastral número 8523607MH7582S0001UQ, sita nas inmediacións da Praia Langosteira (zona de Escaselas) deste termo municipal.

RESULTANDO: Que no expediente consta o acordo da Xunta de Goberno Local de 25/03/2021 pola que se lle autoriza á instalación do servizo de tempada de 20 m2 con servizo de terraza de 50 m2 e aseos públicos con carácter desmontable, que se localiza na parcela coa referencia catastral antes indicada, en base á memoria técnica para a instalación temporal de caseta de madeira desmontable realizada polo arquitecto Xoan B. Alborés Tajes.

**CONSIDERANDO**: Que no expediente consta informe favorable de data 27/05/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

"Que a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, polo que se declara completa a

documentación presentada, debendo cumprir coas condicións indicadas na licenza respecto dos condicionantes indicados nos informes sectoriais".

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Najat Anafa Oihibi, e outorgarlle acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de servizo de tempada desmontable, durante a tempada de 2021, debendo cumprir coas condicións establecidas nos informes sectoriais que constan no expediente.

2º) Tal e como se establece no artigo 5.2.c) da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, e tendo en conta que a superficie na que pretende realizar a actividade segundo a documentación que consta no expediente abarca unha superficie de **setenta metros cadrados** (70 m2), deberá ingresar a favor deste concello a cantidade de **sete euros** (7,00 €).

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**5.7) AXUDAS ECONOMICAS**

A) Visto o escrito presentado co número 2021/000/00001154 (RE) de 3/06/2021, por C. S. V., no que solicita unha axuda económica para necesidades básicas xa que non dispón de ingresos nin ten traballo.

Visto o informe de data 10/06/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda de emerxencia social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º)Conceder a C. S. V., unha axuda económica por importe de trescentos euros (300,00 €), ao ser persoa carente de medios.

2º)Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2021/000/00001223 (RE) de 10/06/2021, por M. R. B. R., no que solicita unha axuda económica para sufragar o gasto dunha porta e unha fiestra que precisa cambiar na súa vivenda.

Visto o informe de data 10/06/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprenden os ingresos mensuais cos que consta esta unidade familiar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º)Denegar a M. R. B. R., a axuda económica solicitada, en base ao contido do informe emitido polo departamento dos servizos sociais, que consta no expediente.

2º)Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

**5.8) TARXETA DE ESTACIONAMENTO**

Visto o escrito presentado co número 2021/000/00001094 (RE) de 28/05/2021, por R. L. S., no que solicita a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.

Visto o informe de data 2/06/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión da tarxeta de estacionamento por 10 anos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a R. L. S., a tarxeta de estacionamento como minusválido por un prazo de dez (10) anos a todos os efectos regulamentarios.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

**5.9) TERAPIA OCUPACIONAL**

Visto o escrito presentado co número 2021/000/00001152 (RE) de 3/06/2021, por S. D. D., no que solicita a prestación de terapia ocupacional pola Asociación AFAFES, en base ao convenio que ten subscrito este concello con esa asociación.

Visto o informe de data 9/06/2021, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia de que se beneficie a solicitante desas horas gratuítas, mentres non haxa máis usuarios/as do termo municipal, susceptibles de beneficiárense.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º)Conceder a S. D. D., o uso da terapia en días alternos, cunha periodicidade de 9 horas semanais desde febreiro de 2020 e ata novo acordo, en base ao convenio que este concello ten asinado coa entidade AFAFES

2º)Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión as 20:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.